

ULTURA

historia dunha poesía (des)ordenada

ultura de masas, ultura sen fondos, asociacións ulturais
ultura na lingua dos sabios
ultura de mortos e ultura en altares

en escenarios, libros e contos
escolas e cárceres para nenos e vellos
ultura para todos, ultura de ninguén

xestión ultural, casa da ultura, un ultural por semana (ou cada seis
meses)

ultura na malla
ultura tradicional e new age
ultura ben/dita no alento da unesco
botellón, Cortázar e perfumería
alta ultura, Ultura

ou senón ulturas, dentes brancos con sorrisos brancos
integración branca, cooperación branca e diversidade ultural
non está nada mal!

ultura gastronómica e das loxías, ultura do a ó z
ultura da rúa
ultura do anti, do post e do neo
ultura do eco, do sexo e do medo
e a ultura que comparto
cando se me cae un peido

ulturas locais, ulturas totais
o colega máis ulto que teño
ministerios de ultura

ultura maxestática

Drocha Hauser